

# *Relatos de Verán*

## **Relatos de Verán**

### **12º Premio Novela por entregas**

1.- La Voz de Galicia, S.A. e Canal Voz, S.L. convocan un concurso para elixir a novela por entregas que se publicará durante o mes de agosto do 2012 na edición impresa de La Voz de Galicia e na súa páxina web.

2.- Poderán participar todas as persoas que presenten unha novela inédita e que non opte a outros concursos, escrita en idioma galego e que responda ás seguintes características:

- Deberá constar de 31 capítulos destinados á súa publicación diaria ao longo de todo o mes de agosto do 2012.
- Cada capítulo terá exactamente a mesma extensión, que se fixa en 3.500 caracteres, con espazos incluídos.

3.- As obras presentaranse en catro copias, impresas a dobre espazo e por unha soa cara. Ademais, requírese o envío dunha copia do escrito en versión PDF grabado nun CD. Os orixinais faranse chegar a «12.º Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono Industrial de Sabón (15142) Arteixo (A Coruña)» polo sistema de plica cerrada, introducindo nela os datos do autor que permitan poñerse en contacto con el no caso de resultar finalista ou gañador. Os orixinais que non sexan reclamados no prazo dun mes a contar desde o momento do fallo serán destruídos.

4.- O prazo de presentación de orixinais permanecerá aberto deica o 15 de xuño do 2012, incluído.

5.- O xurado, designado pola organización do premio, darase a coñecer conxuntamente co seu fallo, que será inapelable e que se fará público antes do 25 de xullo do 2012 no xornal e na páxina web.

6.- Establécese un único premio, que estará dotado con 6.000 euros, cantidade que estará suxeita á normativa do IRPF e, en particular, á retención que legalmente corresponda a conta do devandito imposto. O premio levará aparellada a publicación da novela nas páxinas de La Voz de Galicia ao longo dos 31 días do mes de agosto do 2012 e, simultaneamente, a súa aparición na páxina web ([www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es)). Establécese tamén como pago dos dereitos de autor da primeira edición da obra gañadora para o caso de que sexa La Voz de Galicia quen a publique en formato libro dentro do ano 2012. Noutro caso, o autor quedará facultado para negociar a edición libremente.

7.- Os participantes responsabilízanse da autoría real e orixinalidade da novela, así coma dos seus contidos, que non poderán ser ilícitos, ofensivos ou discriminatorios, nin lesionar bens ou dereitos de terceiros. O feito de participar no premio implica a cesión non exclusiva polo autor premiado a La Voz de Galicia, S.A. dos dereitos de explotación sobre a novela, incluíndo os dereitos de reprodución, recopilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que reconece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte. Así mesmo, o autor premiado cede en exclusiva a La Voz de Galicia, S.A. os dereitos de edición da obra durante o ano 2012, nos termos indicados no apartado 6º.

8.- Os datos remitidos polos autores conservaranse nas plicas cerradas ata o fallo do premio e, unha vez fallado, incorporaranse ás bases de datos de La Voz de Galicia, S.A. Ao participar, os autores consenten expresamente que La Voz de Galicia, S.A. trate os seus datos para xestionar o premio e ofrecerlles periodicamente información sobre os seus produtos, actividades, servizos e accións, aínda logo de finalizada a actuación. Igualmente, o consentimento outorgado considérase prestado para ceder os seus datos a outras empresas do Grupo ao que pertence La Voz de Galicia, S.A. relacionadas cos sectores editorial, de medios de comunicación e investigación de mercados, mercadotecnia e opinión, que pode atopar referenciadas na web [www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es), co fin de informar dos seus produtos ou servizos e facer ofertas comerciais. Os autores poderán en calquera momento oporse, acceder, cancelar e rectificar os seus datos ou oporse ao seu tratamento con fins promocionais a través do e-mail [lopd@lavoz.es](mailto:lopd@lavoz.es) ou dirixíndose á dirección indicada no apartado 3, acreditando debidamente a súa personalidade.

O nome e imaxe do gañador e dos finalistas poderá ser obxecto de comunicación pública nas actuacións que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A., sempre que a comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso.

9.- A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das súas bases. Os organizadores do concurso resérvanse o dereito de interpretarlas ante calquera dúbida que puidese xurdir.